

# PROGRAMA 2016 / 2017 DIRIXIDO A EP

Programa de educación en valores para a prevención do consumo de alcohol e outros trastornos adictivos e comportamentais no eido escolar a través dos medios audiovisuais e as TIC. Programa incluído na carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas da Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

# CINENSINO



[www.cinensino.com](http://www.cinensino.com)



innova



culturalia

Creado por

Colaboran

Universidade de Vigo

USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Fundación  
CAMIÑA SOCIAL

## INDICE

### ▶ 1.- PRESENTACIÓN

- 1.1 O eido escolar
- 1.2 Destinatarios
- 1.3 Obxectivos

### ▶ 2.- ESTRUCTURA DO PROGRAMA

- 2.1 Materiais didácticos e metodoloxía
  - Manual do profesorado
  - Caderno do alumnado
- 2.2 Medios audiovisuais. O cinema como ferramenta preventiva
- 2.3 Formato audiovisual
- 2.4 Avaliación
- 2.5 Normas de aplicación
- 2.6 Inscripcións

### ▶ 3.- PROGRAMACIÓN PROVISIONAL CURSO 2016-2017

## 1. PRESENTACIÓN

O programa de Educación en Valores “CINENSINO” dirixido a 4º, 5º e 6º da E.P. englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo. Para iso, o programa debe ser asumido polo centro educativo ao que se lle facilita asesoramento, medios e formación imprescindible para que sexa impartido polo propio profesorado.

CINENSINO xurde da necesidade de estruturar un programa de accións preventivas no eido escolar a través da Educación en Valores, seguindo os criterios do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 e do Observatorio Europeo de Drogodependencias e Toxicomanías (OEDT).

### 1.1. O EIDO ESCOLAR

O eido escolar posúe un interese especial para a formación en valores e constitúe un contexto privilexiado para impartir programas estruturados ao longo do tempo. Algunhas das vantaxes que ofrecen os centros educativos para traballar nesa tarefa son:

- A institución educativa acolle durante uns anos á práctica totalidade da poboación xove e adolescente, é este sector da poboación o considerado como de maior risco en canto ao inicio de comportamentos de risco.
- O eido escolar é a principal instancia socializadora, xunto coa familia, o que lle permite integrar a educación en valores de xeito natural na función educativa xeral.
- Por razóns de idade, esta poboación é bastante homoxénea e especialmente educable, de maneira que se poden impartir coñecementos, adquirir actitudes e establecer certos hábitos de xeito gradual e persistente.
- A escola pode detectar problemas temperáns e orientar cara a alternativas máis adaptativas e enriquecedoras, contando coa participación dunha serie de mediadores sociais moi amplo: profesores, alumnos, psicólogos, familia; así como outros axentes sociais que actúan en conexión co contorno escolar.

### 1.2. DESTINATARIOS

Alumnado

O programa “CINENSINO” para o 2º e 3º ciclo de EP vai dirixido a poboación escolarizada do 4º, 5º e 6º cursos da EP con idades comprendidas entre os 8 e 11 anos e concibe ao alumnado destas idades como actor e receptor das propostas de formación en valores debido a que:

- Este é o período crítico na formación de crenzas e actitudes.
- Nesta etapa aumenta a curiosidade e a autoexperimentación.
- Este intervalo da poboación escolar representa a idade de maior risco para inicio de condutas esporádicas de abuso que poden establecer pautas de comportamento que xeneren trastornos aditivos.

## Profesorado

Ningún programa dirixido ó eido escolar, por ben deseñado que estea tanto a nivel teórico coma práctico, será efectivo sen a participación activa do profesor, auténtico executor e catalizador do programa. O nivel de implicación do profesorado é determinante na eficacia do programa debido a varias razóns, a saber:

- O seu coñecemento de primeira man do/a alumno/a e do seu nivel de desenvolvemento.
- A súa maior dispoñibilidade e facilidade de acceso ao alumnado.
- O feito de ser experto en tecnoloxía educativa e provedor de ferramentas pedagóxicas ao alumnado.
- A súa capacidade de ser promotor de valores.

## 1.3 OBXECTIVOS

O propósito do programa é proporcionar principios, orientacións e ferramentas para o desenvolvemento integral da persoa, implementando actividades dirixidas á práctica de valores e ao desenvolvemento de habilidades sociais dentro da aula, no fogar e no ámbito social, coa finalidade de xerar unha transformación progresiva nos valores, actitudes e comportamentos do alumnado que actúen como factores de protección fronte aos procesos aditivos.

### Obxectivos xerais

- Fortalecer nos/as alumnos/as os recursos persoais, familiares e sociais que lles permitan manexarse adecuadamente en situacións de risco.
- Promover o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde e a ocupación enriquecedora do tempo mediante lecer e deportes.

### Obxectivos específicos

Se desenvolverán cada ano segundo a selección das películas a través de cada seu módulo. Para o curso 2016-2017 serán os seguintes:

- Acadar as metas co propio esforzo.
- O traballo en grupo fronte ás adversidades.
- O valor da amizade e a familia.

## 2. ESTRUTURA DO PROGRAMA

### 2.1 MATERIAIS DIDÁCTICOS E METODOLOXÍA

O programa CINENSINO estrutúrase a través de tres unidades didácticas que se desenvolven ao longo do curso escolar (unha por trimestre) e se corresponden con cada unha das tres películas de que consta o programa. Cada unidade didáctica baséase e artículase en función de cada película, tendo en conta que debe ser de recente aparición, susceptible de tratar algún dos temas que consideramos de interese nesa unidade e que sirva de punto de arranque para o

traballo na aula. As unidades didácticas deben de ter un formato atractivo tanto no deseño como a maquetación para facilitar a participación do/a alumno/a, ser de fácil aplicación, ter un carácter secuencial para desenvolver todos e cada un dos aspectos a traballar, e deben de ter un compoñente lúdico-formativo utilizando linguaxe en clave positiva. Á súa vez, a unidade didáctica componse dun "Manual do profesorado" e un "Caderno do alumnado".

## 2.1.1 MANUAL DO PROFESORADO

Estrutúrase como segue, unha primeira parte introdutoria referente á película visionada, a definición dos obxectivos que se perseguen e as explicacións das actividades que deben realiza-los/as alumnos/as divididas por seccións temáticas e precedidas dunha explicación da actividade, os obxectivos propostos con esa actividade e as orientacións de aplicación. Por outra parte, o manual é unha proposta de traballo aberta, de maneira que é posible introducir modificacións e ampliacións se o profesor o considera oportuno.

## 2.1.2 CADERNO DO ALUMNADO

No "Caderno do alumnado" se presenta información, exercicios e actividades que deben ser realizadas polos alumnos, nalgúns casos de maneira individual e noutros en pequenos grupos. Algunhas delas precisan explicacións e encadramentos do profesor, outras se orientan á reflexión de forma lúdica por parte do propio/a alumno/a.

O obxectivo das unidades didácticas é favorecer a reflexión sobre os valores e actitudes que se destacan na película relacionándoos coa experiencia persoal dos/as alumnos/as, favorecendo o sentido crítico, promovendo o debate e o traballo en grupos, adestrando en habilidades de vida e mostrando alternativas de lecer e deporte facilitadoras de novas experiencias.

Tanto o caderno do alumnado como o manual do profesorado comezan cun comentario cinematográfico acerca da película visionada no que se analizan os aspectos máis interesantes (trama argumental, actores, director, época histórica, etc.) que introducen ao alumno/a na maxia do cinema e facilitan a extrapolación de situacións que se presentan na película á temática que nos interesa traballar en cada unidade didáctica.

## 2.2 MEDIOS AUDIOVISUAIS. O CINEMA COMO FERRAMENTA PREVENTIVA

O programa "CINENSINO" utiliza o cinema como soporte e con fins didácticos ensinándolles ós/ás alumnos/as actitudes e comportamentos máis saudables. Partindo das experiencias narradas na película, o cinema convértese en ferramenta pedagóxica e eixe dinamizador dos contidos do programa.

## 2.3 FORMATO AUDIOVISUAL

O programa Cinensino utiliza neste caso o formato de DVD, destinado a proxeccións en Cines, Auditorios, Casas de Cultura, etc. Cada unha das 3 proxeccións de que consta o programa terán carácter trimestral e realizaranse cos medios propios do concello participante.

## 2.4 AVALIACIÓN:

Tras a finalización do programa, o/a profesor/a deberá cumprimentar un cuestionario que deberá remitir ao programa CINENSINO, onde deberá valorar a

selección de películas, o material didáctico e o desenvolvemento proposto en cada unha das unidades didácticas, co obxecto de incorporar os cambios necesarios para mellorar a calidade do programa.

## 2.5 NORMAS DE APLICACIÓN:

O programa "CINENSINO" implántase de forma grupal, constituíndo a unidade de acción os/as alumnos/as dunha clase ou grupo (20-24 individuos) xunto co seu/súa profesor/a. É facultade dos propios centros educativos decidi-los cursos que van participar no programa, permanecendo implicados no mesmo ó longo de todo o curso escolar. Se un centro ten varios grupos debe decidi-los que van participar, non podendo rotar con outros grupos, de sorte que sexan sempre os mesmos/as alumnos/as os/as que reciban a totalidade do programa dese ano. Os centros escolares participantes deberán cumprir una serie de normas para a correcta aplicación do programa, que son as que seguen:


- 1.- Os/As alumnos/as do centro escolar participante deberán acudir ao lugar donde se levarán a cabo as proxeccións acompañados polo/a docente encargado/a da aplicación das unidades didácticas na aula.
- 2.- Deberán chegar á sala con tempo de antelación suficiente para acomodarse e evitar retrasos no comezo das proxeccións, así como esperar na porta a que os/as chame a organización do programa, co fin de realizar unha entrada ordenada.
- 3.- Durante a proxección da película, os/as profesores/as responsables da actividade supervisarán o comportamento dos/das alumnos/as, para evitar que se produzan situacións de desorde, faltas de respecto aos compañeiros/as ou actitudes que prexudiquen dalgunha maneira a calidade do visionado da película.
- 4.- É imprescindible a asistencia á totalidade das proxeccións por parte dos/das alumnos/as así como do profesorado que participa no programa.
- 5.- Dado o carácter secuencial do programa, é necesaria a asistencia do mesmo grupo de alumnos/as co mesmo docente a cada unha das proxeccións.
- 6.- A cada docente faráselle entrega dun manual do profesorado e dun caderno do alumnado para a correcta aplicación do material. Aos alumnos/as entregaráselles o caderno de alumnado para traballalo na aula.
- 7.- É necesario que a utilización dos materiais se faga de xeito inmediato despois de ver a película xa que disto depende parte do éxito na aplicación do programa.
- 8.- O material didáctico seralle entregado a cada centro escolar coa suficiente antelación antes de cada unha das proxeccións e serán recollidas as devanditas unidades didácticas, debidamente cubertas, polos responsables do programa na proxección seguinte.

## 2.6 INSCRICIÓN:

As inscricións dos centros escolares no programa de Educación en Valores "CINENSINO" pódense facer na web [www.cinensino.com](http://www.cinensino.com) ou entregando o cuestionario que a continuación se adxunta debidamente cuberto e enviálo vía email, fax ou correo postal a:

PROGRAMA CINENSINO  
C/MÉNDEZ NÚÑEZ Nº 2-2ª PLANTA  
36600. VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)  
TFNO.: 886- 16.47.74  
FAX: 986-59.01.85  
CORREO ELECTRÓNICO: [info@cinensino.com](mailto:info@cinensino.com)  
WEB: [www.cinensino.com](http://www.cinensino.com)

## 3.- PROGRAMACIÓN CURSO 2016/2017\*



### LITTLE BOY

93 min.

Alejandro Monteverde, EE.UU. e México, estreada en España en 2015.

Pepper Busbee, coñecido como Little Boy é un neno de 8 anos que vive xunto á súa familia nunha pequena cidade en Estados Unidos. Rexeitado e molestado polo resto de nenos, o seu único amigo é o seu pai James. Desafortunadamente, o pai de Little Boy é recrutado como soldado para ir á Segunda Guerra Mundial. Inspirado polo seu heroe de cómic, Little Boy cre que pode lograr o imposible: traer ao seu pai de volta a casa.



## AVIONES DE PAPEL

88 min.

Robert Connolly, Australia, estreada en España en 2016.

Dylan, é un neno de once anos que vive co seu pai en Australia, quen non supera a perda da súa esposa polo que é incapaz de relacionarse co seu fillo como o facía antes. Dylan, é un apaixonado de todo o que voa, decide comezar a practicar o voo de avións de papel. A súa vida cambiará cando o seu gran soño de participar no Campionato Mundial de avións de papel que se celebra en Xapón faise realidade.



## EL REINO DE LOS MONOS

95 min.

Jamel Debbouze, Francia, estreada en España en 2016.

Edouard, fillo maior do rei dos simios, non é como os demais: máis pequeno, moito menos peludo e cunha das súas extremidades inutilizada. Pero estas rarezas, unidas ao seu enxeño, tamén poden significar que é a primeira etapa na evolución da especie. Resulta incrivelmente enxeñoso, descobre o lume, a caza, o hábitat moderno e o amor, e mesmo a esperanza. Xeneroso, quere compartilo todo. Revoluciona a orde establecida e acaba por conducir ao seu pobo con humor cara á evolución do ser humano.

*\* O Programa Cinensino, resérvase o dereito de alterar a programación cando causas alleas á organización así o aconsellen.*